



Plataforma Galega de información ambiental

INFORME ESTATÍSTICO 2024 DE INFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA
DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE, as cales supoñen, basicamente, a adecuación do dereito comunitario ao Convenio de [Aarhus](#), sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, feito en [Aarhus](#) /Dinamarca), o 25 de xuño de 1998 (Instrumento de Ratificación por España publicado no BOE núm. 40, do 16 de febreiro de 2005).

A disposición adicional oitava da Lei 27/2006 establece que as Administracións Públicas elaborarán e publicarán información periódica de carácter estatístico sobre as solicitudes de información ambiental recibidas.

No marco deste precepto legal, elabórase o Informe correspondente á anualidade de 2024.

Na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático hai unha unidade responsable da información ambiental, tal e como se recolle no artigo 5.3.a) da Lei 27/2006.

Así mesmo, preséntanse os datos das Queixas de carácter ambiental.


I) ACCESO Á INFORMACIÓN PREVIA SOLICITUDE

Durante o ano 2024, tramitáronse un total de 3.262 solicitudes de información ambiental na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, das que 1996 xestionáronse na unidade de Información Ambiental, 1.019 na Subdirección Xeral de Residuos e 247 na Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental referentes a temas de solos.

A continuación pasamos a analízalas segundo a temática, o medio de consulta e o perfil do solicitante.

I.1- Solicitudes por área temática


Atendendo aos distintos temas obxecto de información ambiental, as solicitudes clasifícanse segundo as áreas que se indican na seguinte gráfica.



Como en anos anteriores, a área de Calidade ambiental é a que sustenta a maioría das solicitudes (85,5 %), seguida pola de Información meteorolóxica (7,3%), como se amosa na gráfica e no cadro anexo ao final deste informe.

Das solicitudes de Calidade ambiental, a maioría (87%) trataba sobre Residuos, representando estas últimas o 74% da totalidade de solicitudes.


Na seguinte gráfica amósase o número de solicitudes segundo a subárea (as columnas do mesmo color correspóndense con subáreas que pertencen a unha mesma área):



I.2- Solicitudes de información ambiental segundo o medio de consulta

O teléfono segue sendo o medio preferido de petición de información, representando o 52% do total das solicitudes, seguido polo correo electrónico (36,8%), portal GaIA (7,8%) e, xa en menor medida, as recibidas polas restantes canles.

Número e porcentaxe de solicitudes segundo a canle




I.3- Solicitudes de información segundo o perfil do solicitante

Como se pode observar na gráfica, un 73,1% das solicitudes proceden de empresas, un 12,5% de administracións, un 11,8% de particulares e, en menor proporción, de asociacións e de outros.

Perfil solicitante	Número solicitudes
Administración	407
Asociación /Fundación	69
Empresa	2.383
Outros	17
Particular	386
TOTAL	3.262

Porcentaxe de solicitudes segundo o perfil do solicitante



1.4- Prazo de contestación segundo o artigo 10,2,c) da ley 27/2006

Preto do 98% das solicitudes foron contestadas dentro do prazo legal dun mes. As contestadas fora de prazo foron debidas á súa complexidade, principalmente.

Descrición	Número solicitudes	% solicitudes
Contestadas dentro de prazo	3.191	97,8 %
Contestadas fóra de prazo	45	1,4 %
Non contestadas	26	0,8 %
Total	3.262	100 %

II) QUEIXAS

Na unidade de Información Ambiental atendéronse 41 queixas no 2024, o que supón un 9% menos que no ano anterior; principalmente foron queixas de particulares.

Perfil solicitante	Número	%
Administración	1	2,4 %
Asociación/Fundación	2	4,9 %
Empresa	1	2,4 %
Particular	37	90,2 %
TOTAL	41	100,0 %

A maioría entraron por teléfono e correo electrónico.

Canle	Número	%
Correo electrónico	16	39,0 %
Portal GalA	3	7,3 %
Sede electrónica	2	4,9 %
Teléfono	20	48,8 %
TOTAL	41	100 %

Máis da metade das queixas estaban relacionadas coa Calidade ambiental (en concreto sobre residuos).

Área	Canle de entrada				Total queixas	% queixas
	Correo electrónico	Portal GalA	Sede electrónica	Teléfono		
Calidade ambiental	13	2	1	8	24	58,5 %
Augas	2	-	-	2	4	9,8 %
Costas	-	-	1	-	1	2,4 %
Conservación da natureza	-	-	-	3	3	7,3 %
Forestais	1	-	-	2	3	7,3 %
Cambio climático	-	1	-	-	1	2,4 %
Outras	-	-	-	5	5	12,2 %
TOTAL	16	3	2	20	41	100%

CADRO ESTATÍSTICO DE SOLICITUDES DE INFORMACIÓN AMBIENTAL- AÑO 2024

Área	Subárea	Medio de consulta						Total
		Correo postal	Correo electrónico	Portal GaIA	presencial	Sede electrónica	Teléfono	
Calidade ambiental	Autorización ambiental integrada – IPPC	0	2	3		15	4	24
	Contaminación atmosférica	0	5	5		4	14	28
	Contaminación solos	0	33	5		4	220	262
	Avaliación ambiental	0	3	7		6	11	27
	Intervención ambiental	0				2	1	3
	Residuos	1	1101	68		3	1.243	2.416
	Sistemas de calidade ambiental	0	3			4	10	17
	Ruido	0	4	1		2	4	11
Formación e divulgación ambiental		0		2		1	2	5
Cambio Climático		0	1	3			3	7
Augas		0		13		3	4	20
Costas		0	28	1		6	45	80
Organismos modificados xenéticamente		0						0
Conservación da natureza	Caza e Pesca	0	0	1		0	1	2
	Espazos protexidos	0	1	3		1	6	11
	Flora e Fauna	0	2	4		1	5	12
Enerxía		0	1				2	3
Forestais		0	1	1			13	15
Información meteorolóxica	Datos meteorolóxicos	0	4	54	1		47	106
	Informes meteorolóxicos (taxas)	5	1	62		51	6	125
	Datos de modelos numéricos	0		7			1	8
Información administrativa	Axudas e subvencións	0	0				1	1
	Información xeral	0	3	8			26	37
Outras		0	7	6		1	28	42
TOTAL		6	1200	254	1	104	1.697	3.262